# OBRA RECENTE, a mostra de Xosé Carlos Barros aberta na Aula de Cultura Ponte de Rosas.

Escrito por IEM
Martes, 28 Maio 2013 00:32



O venres 24 de maio tivo lugar a inauguración da exposición OBRA RECENTE, do plástico Xosé Carlos Barros na Aula de Cultura Ponte de Rosas. O traballo foi presentado polo artista e membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, Fino Lorenzo.

**Imaxes da inauguración de OBRA RECENTE** {youtube}2oXdc6_pKEo{/youtube}

O acto contou coa presenza de diversas personalidades do ámbito da cultura e público en xeral, que gozaron dunha primeira visita a esta mostra que en palabras de Fino Lorenzo "supón un exquisito experimento plástico que indaga nas posibilidades simbólicas da materia".

**Acto de apertura da mostra**

{youtube}UTvHpv7rXL0{/youtube}

A obra de Xosé Carlos Barros, presente nas mellores coleccións institucionais e privadas do país, estará aberta ao público desde este venres 24 de maio ata o día 28 de xuño de 2013, de luns a venres no horario de 19 a 21 horas. **Como se materializa unha identidade? Diálogo có autor da mostra**

**Nota**: Para visitas de centros de ensino, obradoiros de arte ou outros colectivos, fóra de este horario, coordinar a través do correo electrónico oficina@minhor.org , tamén no teléfono 986 360 575 de luns a venres de 18 a 22 horas.